

PROCEDEMENTO: CT2070 –Subvencións para a aceleración cultural no ámbito das artes escénicas

ASUNTO: Resolución da presidencia do consello reitor de concesión da axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 29 de maio de 2023, DOG núm. 100, publicouse a Resolución do presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais do 4 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións para a aceleración cultural no ámbito das artes escénicas, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT2070).
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 29 de xuño de 2023, procédese ao estudo das solicitudes relacionadas no **Anexo I**, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.
3. Tras a recepción da documentación solicitada nos requirimentos e as oportunas emendas por parte das persoas solicitantes, realízase un novo análise e comprobación do que resultan inadmitidas e/ou desistidas as solicitudes reflectidas no **Anexo II**.
4. Con data 5 de setembro de 2023 réunese a comisión de valoración para avaliar as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por entender que son as que cumpren con todos os requisitos establecidos na convocatoria, levantando a acta pertinente.
5. Con data 19 de outubro de 2023 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente en tanto que órgano instrutor desta convocatoria, dita a proposta de resolución de concesión, na que se indica, entre outros extremos, o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico correspondente a cada unha delas e a súa distribución por anualidades, para a súa elevación á presidencia do Consello Reitor da Agadic.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. No artigo 14 das bases reguladoras establécese que a dirección de Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no



artigo 21 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales de debe pronunciar a resolución, así como formular a proposta de resolución.

2. O artigo 5.3 das bases recollen que os proxectos que se presenten a esta convocatoria teñen que responder a un ou varios dos obxectivos marcados no artigo 1.2 das presentes bases, e constituír unha unidade integral que vincule as diferentes liñas de gastos subvencionables, descritas a seguir:

A) Aceleración:

Liña 1. Acompañamento ás empresas, formación, mediación, incubación ou mentoría en materia de comunicación, márketing, internacionalización ou financiamento. Nesta liña estarían gastos relativos a programas de formación intensiva, mediación, incubación, mentoría, gastos de consultoría e de asistencia técnica externa, estudos de prospección e documentación, dinámicas de intercambio de experiencias, boas prácticas e networking, así como todos aqueles labores que impulsen a competitividade e a estratexia das organizacións nos ámbitos anteriormente sinalados (comunicación, internacionalización ou financiamento)

Para os efectos desta convocatoria enténdese por «acompañamento ás empresas» os servizos de carácter profesional contratados pola persoa beneficiaria nos ámbitos de formación, mediación, incubación ou mentoría nos campos anteriormente descritos e impartidos por empresas e/ou entidades legalmente constituídas de recoñecido prestixio que poidan acreditar traballos e labores similares nos últimos tres anos.

3. No artigo 8.2 das bases indícase que: *“se a solicitude non está debidamente cuberta, non se achega a documentación esixida ou non se reúnen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indicarse ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, despois de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei”.*

4. Revisada toda a documentación, dáse por completados os expedientes que se relacionan no **Anexo III**, e se remiten á Comisión de Valoración para a súa avaliación e levantamento da correspondente acta-informe sobre as puntuacións acadadas por cada un dos expedientes.



5. Con data 5 de setembro reúne a Comisión de valoración que emite a súa acta-informe que eleva ao órgano instrutor, e cuxo resultado reflíctese no **Anexo IV**, que establece a puntuación de cada unha das solicitudes e a orde de prelación e o **Anexo V** que se refire á solicitude desestimada por non acadar a puntuación mínima esixida para os criterios técnicos na base 16 da convocatoria.

6. Con data 19 de outubro do 2023 o director da Agadic asinou a proposta de resolución de concesión, elevándoa, coa mesma data, á presidencia do Consello Reitor da Agadic.

Examinada a proposta de resolución e de conformidade con ela,

RESOLVO

1. Inadmitir e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no **Anexo II**.
2. Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para a súa avaliación pola Comisión de Valoración.
3. Desestimar a solicitude que se relaciona no **Anexo V** por non acadar a puntuación mínima nos criterios técnicos establecidos nas bases da convocatoria.
4. Conceder as subvencións polos importes que se expresan, ás entidades solicitantes que se relacionan no **Anexo VI**.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da

resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución ás entidades interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González



ANEXO I

SOLICITUDES RECIBIDAS:

Nº DE EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT2070/2023/1	A ANTENA SC.	J70504618	-
CT2070/2023/2	LILIAN PORTELAFONTAN	***9170**	AMARELO ACELERA
CT2070/2023/3	KIRENIA CELIA MARTINEZ ACOSTA	***0630**	PLÁN ESTRATÉXICO DE DIVERSIFICACIÓN FINANCIERA, ACELERACIÓN NA DISTRIBUCIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN..
CT2070/2023/4	ISABEL SANCHEZ TEMPRANO	***4648**	ACELERACIÓN DO PROXECTO DE ARTES ESCÉNICAS - CAN CUN QUINQUÉ
CT2070/2023/5	LABORATORIO ESCENICO S COOP GALEGA	F70574371	ACELERACIÓN CULTURAL LABORATORIO ESCÉNICO 2023-24
CT2070/2023/6	PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS SL	B70037213	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN PISTACATRO
CT2070/2023/7	SARABELA SL	B32117483	ACELERACIÓN E MELLORA NA DIXITALIZACIÓN DE SARABELA S.L.
CT2070/2023/8	FRANCISCO MATIAS DAPORTA GONZALEZ	***8324**	AMBIGÚ
CT2070/2023/9	SABELA MENDOZA FERNANDEZ	***4091**	INTERNACIONALIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN EN DANZA E ARTES PERFORMATIVAS
CT2070/2023/10	ILLUSIONS WORK SL	B94201811	MAGIC REALITY LAB
CT2070/2023/11	AINE PRODUCTIONS, S.L.	B70433032	ENXEÑO
CT2070/2023/12	NOVA GALEGA DE DANZA SL	B70342464	PROGRAMA PARA A ACELERACIÓN DISTRIBUCIÓN EXTERIOR E MELLORA NOS TRABALLOS DE PÚBLICOS DE NOVA GALEGA DE DANZA
CT2070/2023/13	NURIA SOTELO RODRIGUEZ	***7444**	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN A CASA VELLA AMIADOSO
CT2070/2023/14	SALA ARTIKA SOCIEDAD LIMITADA	B09950072	ACOMPAÑAMENTO E FORMACIÓN NA ÁREA DE MARKETING CULTURAL DIXITAL E TRANSFORMACIÓN NA XESTIÓN
CT2070/2023/15	MARIA SORAYA LEMA CARBALLO	***0445**	O SOL DE OUTONO TEATRO



ANEXO II

SOLICITUDES INADMITIDAS

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO	CAUSA DE INADMISIÓN
CT2070/2023/5	LABORATORIO ESCENICO SOC COOP GALEGA	F70574371	ACELERACIÓN CULTURAL LABORATORIO ESCÉNICO 2023-24	Artigo 5.3 das bases reguladoras

SOLICITUDES DESISTIDAS

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSA DE DESISTENCIA
CT2070/2023/1	A ANTENA SC	J70504618	---	Desistida por non emendar. Artigo 8.2 das bases reguladoras
CT2070/2023/4	ISABEL SANCHEZ TEMPRANO	***4648**	ACELERACIÓN DO PROXECTO DE ARTES ESCÉNICAS - CAN CUN QUINQUÉ	Desistida por non emendar. Artigo 8.2 das bases reguladoras
CT2070/2023/8	FRANCISCO MATIAS DAPORTA GONZALEZ	***8324**	AMBIGÚ	Desistida por non emendar. Artigo 8.2 das bases reguladoras
CT2070/2023/12	NOVA GALEGA DE DANZA SL	B70342464	PROGRAMA PARA A ACELERACIÓN DA DISTRIBUCIÓN EXTERIOR E MELLORA NOS TRABALLOS PÚBLICOS DE NOVA GALEGA DE DANZA--	Desistida por non emendar correctamente Artigo 8.2 das bases reguladoras en relación



ANEXO III

SOLICITUDES PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT2070/2023/2	LILIAN PORTELAFONTAN	***9170**	AMARELO ACELERA
CT2070/2023/3	KIRENIA CELIA MARTINEZ ACOSTA	***0630**	PLÁN ESTRATÉXICO DE DIVERSIFICACIÓN FINANCIERA, ACELERACIÓN NA DISTRIBUCIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN..
CT2070/2023/6	PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS SL	B70037213	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN PISTACATRO
CT2070/2023/7	SARABELA SL	B32117483	ACELERACIÓN E MELLORA NA DIXITALIZACIÓN DE SARABELA S.L.
CT2070/2023/9	SABELA MENDOZA FERNANDEZ	***4091**	INTERNACIONALIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN EN DANZA E ARTES PERFORMATIVAS
CT2070/2023/10	ILLUSIONS WORK SL	B94201811	MAGIC REALITY LAB
CT2070/2023/11	AINE PRODUCTIONS, S.L.	B70433032	ENXEÑO
CT2070/2023/13	NURIA SOTELO RODRIGUEZ	***7444**	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN A CASA VELLA AMIADOSO
CT2070/2023/14	SALA ARTIKA SOCIEDAD LIMITADA	B09950072	ACOMPANAMENTO E FORMACIÓN NA ÁREA DE MARKETING CULTURAL DIXITAL E TRANSFORMACIÓN NA XESTIÓN
CT2070/2023/15	MARIA SORAYA LEMA CARBALLO	***0445**	O SOL DE OUTONO TEATRO

ANEXO IV

SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	PUNTUACIÓN CRITERIOS TÉCNICOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CT2070/2023/13	NURIA SOTELO RODRIGUEZ	***7444**	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN A CASA VELLA AMIADOSO	32	29,33	61,33
CT2070/2023/3	KIRENIA CELIA MARTINEZ ACOSTA	***0630**	PLÁN ESTRATÉXICO DE DIVERSIFICACIÓN FINANCIERA, ACELERACIÓN NA DISTRIBUCIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN..	30	29,33	59,33
CT2070/2023/9	SABELA MENDOZA FERNANDEZ	***4091**	INTERNACIONALIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN EN DANZA E ARTES PERFORMATIVAS	24	30,67	54,67
CT2070/2023/14	SALA ARTIKA SOCIDAD LIMITADA	B09950072	ACOMPAÑAMENTO E FORMACIÓN NA ÁREA DE MARKETING CULTURAL DIXITAL E TRANSFORMACIÓN NA XESTIÓN	27	26,33	53,33
CT2070/2023/11	AINE PRODUCTIONS,S.L	B70433032	ENXEÑO	21	30,33	51,33
CT2070/2023/6	PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS SL	B70037213	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN PISTACATRO	23	27,33	50,33
CT2070/2023/7	SARABELA SL	B32117483	ACELERACIÓN E MELLORA NA DIXITALIZACIÓN DE SARABELA S.L	23	27,33	50,33
CT2070/2023/15	MARIA SORAYA LEMA CARBALLO	***0445**	O SOL DE OUTONO	24	22,33	46,33
CT2070/2023/10	ILLUSIONS WORK SL	B94201811	MAGIC REALITY LAB	21	24,67	45,67
CT2070/2023/2	LILIAN PORTELA	***9170**	AMARELO ACELERA	29	13,00	42

ANEXO V

SOLICITUDES DESESTIMADAS POR NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA NOS CRITERIOS TÉCNICOS

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	PUNTUACIÓN CRITERIOS TÉCNICOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CT2070/2023/2	LILIAN PORTELA FONTAN	***9170**	AMARELO ACELERA	29	13	42



ANEXO VI
ENTIDADES SUBVENCIONADAS E IMPORTE CONCEDIDO

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	PUNTUACIÓN TOTAL	IMPORTE SOLICITADO	CANTIDADE CONCEDIDA 1ª ANUALIDADE 2023	CANTIDADE CONCEDIDA 2ª ANUALIDADE 2024	IMPORTE TOTAL CONCEDIDO
CT2070/2023/13	NURIA SOTELO RODRIGUEZ	***7444**	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN A CASA VELLA AMIADOSO	61,33	41.520,00€	9.885,91€	31.634,09€	41.520,00€
CT2070/2023/3	KIRENIA CELIA MARTINEZ ACOSTA	***0630**	PLÁN ESTRATÉXICO DE DIVERSIFICACIÓN FINANCIERA, ACELERACIÓN NA DISTRIBUCIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN	59,33	42.000,00€	10.000,20€	31.999,80€	42.000,00€
CT2070/2023/9	SABELA MENDOZA FERNANDEZ	***4091**	INTERNACIONALIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN EN DANZA E ARTES PERFORMATIVAS	54,67	15.240,00€	3.628,64€	11.611,36€	15.240,00€
CT2070/2023/14	SALA ARTIKA SOCIDAD LIMITADA	B09950072	ACOMPAÑAMENTO E FORMACIÓN NA ÁREA DE MARKETING CULTURAL DIXITAL E TRANSFORMACIÓN NA XESTIÓN	53,33	16.000,00€	3.809,60€	12.190,40€	16.000,00€
CT2070/2023/11	AINE PRODUCTIONS, SL.	B70433032	ENXEÑO	51,33	42.000,00€	10.000,20€	31.999,80€	42.000,00€
CT2070/2023/6	PISTA CATRO PRODUCTOR A DE SOÑOS SL	B70037213	PROGRAMA DE ACELERACIÓN E DIXITALIZACIÓN PISTACATRO	50,33	41.600,00€	9.904,96€	31.695,04€	41.600,00€
CT2070/2023/7	SARABELA SL	B32117483	ACELERACIÓN E MELLORA NA DIXITALIZACIÓN DE SARABELA S.L	50,33	41.600,00€	9.904,96€	31.695,04€	41.600,00€
CT2070/2023/15	MARIA SORAYA LEMA CARBALLO	***0445**	O SOL DE OUTONO	46,33	10.636,39€	2.532,52€	8.103,87€	10.636,39€
CT2070/2023/10	ILLUSIONS WORK SL	B94201811	MAGIC REALITY LAB	45,67	29.902,43€	7.119,77€	22.782,66€	29.902,43€

